



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA TRECE DE XULLO DE DOUS MIL DEZASETE

(Aviso: Puntos 5. APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS REX 6-2017, 6. MOCIÓN SOLICITANDO O APOIO DO CONSISTORIO AO VECIÑO E EX-DIRIXENTE SINDICAL X.A.L.P. E REXEITANDO A APLICACIÓN DA CHAMADA " LEI MORDAZA", 9. DAR CONTA DO INCUMPRIMENTO DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN DO PLAN DE SANEAMENTO DO REAL DECRETO LEI 5/2009 E DOS INFORMES DE SEGUIMENTO e 10. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA editados)

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

NICOLÁS VERGARA QUINTIANA
MARIA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
JOSE CAMILO CASAL GARCÍA
ROBUSTIANO LABRAÑA BARRERO
LUIS RUBIDO RAMONDE
ALFREDO VILELA SANTALLA
PABLO LUIS NEBRIL LÓPEZ
MARÍA LUISA PÉREZ PRIETO
ESTHER COUTO LAMIGUEIRO
ESTEBAN BLANCO GARROTE

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia o concelleiro MANUEL PÉREZ RIOLA

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR:

JORGE MANUEL VIDAL ZAPATERO

Na Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:00 horas do día 13 de xullo de 2017, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde- Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde excusa a ausencia do concelleiro Manuel Pérez Riola ó coincidir á mesma hora o enterro dun familiar co pleno.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA REALIZADA O DÍA 31.05.2017.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 31.05.2017.

A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de 31.05.2017 resultando aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. APROBACIÓN PROVISIONAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA- CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO MC 11 2017 CE 01 2017 SC 01 2017.

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 10 de xullo de 2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 22.06.2017, que dí:

“No expediente da liquidación do orzamento de 2016, aprobado mediante resolución da Alcaldía 154/2017, do 20 de abril de 2017 resultou unha cantidade de remanente de tesourería para gastos xerais por un total de **1.512.809,84 €**

No expediente da liquidación resulta unha capacidade de financiamento de **494.008,15 euros** e en canto á regra de gasto, o cumprimento respecto do límite da regra é de **79.082,77 euros** respecto do límite derivado da liquidación do 2015.

Consecuencia da liquidación do exercicio 2015, con incumprimento da regra de gasto e unha necesidade de financiamento o Concello conta con un Plan Económico-Financeiro 2016-2017, que se aprobou polo Pleno o 21 de xullo de 2016. No devandito Plan, limítase a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais no límite de 400.000,00 € no 2016 e 390.000,00 no 2017 para gasto non financeiro. Dentro do límite anterior, non computa a cantidade de gasto financeiro, no que se prevé a amortización do préstamo PAI 2015, como obriga legal do emprego do remanente de tesourería, aínda que pendente de autorizar definitivamente pola Deputación.

No expediente MC 04 2017 IR 01 2017, de incorporación de remanentes de crédito, empregáronse 77.047,74 € para gastos municipais que xa viñan con adxudicación previa ou compromisos de achega municipal, entre outros. Por este motivo, e descontado do anterior, o importe dispoñible pendente de empregar para gastos non financeiros ascende a 312.952,26 €

Os gastos propostos para os cales se propón a modificación, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito no Presuposto (créditos extraordinarios) ou que resulta insuficientes (suplementos de crédito) son os seguintes:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Concepto	Partida	Importe
Proxecto Pumptrack	341.621.00	65.917,36 €
Primeiro pagamento compra edificio Sindicales	920.682.00	24.396,44 €
Campaña de sensibilizacións cos cans	311.226.99	2.500,00 €
Obras en pistas	1532.619.00	123.760,46 €
Reposicións en alumado público	165.619.00	30.000,00 €
Adaptación de Estación de autobuses a Centro municipal da xuventude (reformas)	337.622.00	16.583,30 €
Adaptación de Estación de autobuses a Centro municipal da xuventude (equipamento)	337.625.00	8.416,70 €
Video dron turístico Cedeira	432.640.00	5.400,00 €
Fogos festas patronais	338.227.99	12.000,00 €
Iluminación nas festas patronais	338.227.99	7.000,00 €
Compra terreo San Antonio	151.600.00	10.000,00 €
Preparación aula informática Polideportivo municipal	341.625.00	4.800,00 €
Contratación de guías turísticas en San Andrés	432.227.99	2.178,00 €
Subtotal gasto non financeiro		312.952,26 €
Amortización préstamos (Gastos financeiros)	011.911.00	226.945,51 €
Total emprego do remanente de tesourería		539.897,77 €

Finansiáse o presente expediente de crédito extraordinario e suplemento de crédito mediante o Remanente Líquido de Tesouraría para gastos xerais derivado da Liquidación do Presuposto de 2016, por importe de 539.897,77 €

Pola Intervención municipal emitiuse informe desfavorable para a aprobación do presente expediente pola falta de competencia para a realización de varios dos gastos.

Sobre a base de todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación, en virtude do disposto no artigo 8º das Bases de Execución do Presuposto, de informe de Intervención, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Levantar a nota de reparo emitida pola Intervención municipal

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación presupostaria- Crédito extraordinario MC 11 2017 CE 01 2017 SC 01 2017 para o financiamento gastos urxentes e inaprazables e amortización anticipada da débeda, segundo o seguinte desglose:

PROG	ECON	DENOMINACIÓN	IMPORTE	MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA
341	62100	Promoción e fomento do deporte. Terreos e bens naturais	65.917,36 €	Crédito extraordinario



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

920	68200	Administración xeral. Edificios ye outras construccions	24.396,44 €	Crédito extraordinario
311	22699	Outros gastos diversos_ Control de animais	2.500,00 €	Suplemento de Crédito
1532	61900	Pavimentacion de vías públicas	123.760,46 €	Suplemento de Crédito
165	61900	Alumbrado público. Otr.inver.reposic.infraes	30.000,00 €	Suplemento de Crédito
337	62200	Ocio e tempo libre. Edificios industriales	16.583,30 €	Crédito extraordinario
337	62500	Ocio e tempo libre. Mobiliario	8.416,70 €	Crédito extraordinario
432	64000	Ordenacion e promoción turística.Gastos en inversiones de carácter inmaterial	5.400,00 €	Crédito extraordinario
338	22799	Festas populares e festexos.Outros traballos realizados por outras empresas e particulares	12.000,00 €	Suplemento de Crédito
338	22799	Festas populares e festexos.Outros traballos realizados por outras empresas e particulares	7.000,00 €	Suplemento de Crédito
151	60000	Inversións en terreos.	10.000,00 €	Suplemento de Crédito
341	62500	Promoción e fomento do deporte. Mobiliario	4.800,00 €	Suplemento de Crédito
432	22799	Outros traballos - Arcos e cantís 2017	2.178,00 €	Suplemento de Crédito
			312.952,26 €	
011	91100	Débeda publica. Amortización prestamos do sector público	226.945,51 €	Crédito extraordinario
			539.897,77 €	

RESUMO DAS ALTAS

	Crédito extraordinario	Suplemento crédito	Total
Capítulo 2		23.678,00 €	23.678,00 €
Capítulo 6	120.713,80 €	168.560,46 €	289.274,26 €
Capítulo 9	226.945,51 €		226.945,51 €



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Total	347.659,31 €	192.238,46 €	539.897,77 €
--------------	---------------------	---------------------	---------------------

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE:

MODIFICACIÓNS POSITIVAS NO ESTADO DE INGRESOS:

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente para financiamento de gastos xerais 2016	539.897,77 €
TOTAL ALTAS		539.897,77 €

TERCEIRO.- Esta aprobación terá carácter provisional, establecéndose un prazo de exposición ao público, logo de anuncio en Boletín Oficial de Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. En caso de producirse reclamacións, requirirase a aprobación definitiva do expediente polo Pleno da Corporación. Pola contra, considerarase definitivamente aprobado o expediente, non entrando en vigor ata que se produza a publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, resumida por capítulos.

O que se eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede.”

A Comisión, por tres votos a favor do PSdG-PSOE (un), do BNG (un) e de ANOVA (un) e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

O Sr. Rubido Ramonde di: Simplemente anunciar o noso voto en contra porque hai outras prioridades.

O Sr. Alcalde di: Destacar pola nosa parte que da totalidade do remanente, que son 539.897,77, o 42 % vai á amortización de préstamos, neste caso, e ó PAI que se pideu para reformar a biblioteca.

Sometido o asunto a votación ordinaria, resulta o seguinte: seis (6) votos a favor, do PSdG-PSOE (2), do BNG (2) e de ANOVA (2), e seis (6) votos en contra do PP.

Ante o resultado de empate, de conformidade co previsto no artigo 99 do R.O.F. efectúase nova votación, resultando o seguinte: seis (6) votos a favor, do PSdG-PSOE (2), do BNG (2) e de ANOVA (2), e seis (6) votos en contra do PP. Ao persistir o empate, decide o voto de calidade do Presidente, polo que resulta APROBADO o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. RATIFICACIÓN PLENARIA DA RESOLUCIÓN 250/2017 DE 14 DE XUÑO - APROB. PROXECTO MODIFICADO EN MAIO 2017 DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 10 de xullo de 2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 15.06.2017, que dí:

“Con data 14.06.2017 foi ditada a Resolución de Alcaldía núm. 250/2017 que se transcribe a continuación, da cal se solicita a súa ratificación polo Pleno da corporación:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: aprobación do proxecto “Modificado da mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal” de maio 2017

Con data 23.02.2017 o Pleno da corporación adoptou o seguinte acordo:

- Ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 570/2016 de 08.11.2016 pola que se aproba o proxecto técnico denominado “Mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal”, de xaneiro de 2017, unha vez corrixidas as deficiencias e autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Aprobar o proxecto técnico denominado **“Modificado da mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal”** de xaneiro de 2017, cun importe total de 249.246,69 € IVE incluído, cuxo contido é o mesmo que o anteriormente denominado “Mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal – revisión 3”.

Con data 24.02.2017 emitíuse un informe desfavorable de supervisión, realizada polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación Provincial.

Unha vez resoltas as deficiencias comunicadas, recíbese o proxecto técnico denominado **“Modificado da mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal”, de maio de 2017** e remítese ao Servizo de Asistencia Técnica a Municipios para a súa supervisión. Esta modificación non afecta aos termos da Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural que autoriza as obras, segundo consta no informe do Sr. arquitecto municipal de data 02.03.2017.

Unha vez comunicado o informe favorable de supervisión, procede a aprobación deste proxecto modificado.

Por todo isto, **RESOLVO:**

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado **“Modificado da mellora na accesibilidade e outras na biblioteca municipal”, de maio de 2017**, polo importe total de 249.246,69 € IVE incluído.
- 2.- Enviar este proxecto técnico á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL.
- 3.- Dar traslado da presente resolución á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

4.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda emitir ditame favorable e poñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 250/2017 de 14 de xuño.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes
ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía núm. 250/2017 do 14.07.2017.

4. APROBACION DAS BASES DA SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE ESCOLAS DE MUSICA DE CEDEIRA.

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 10 de xullo de 2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 05.07.2017, que di:

“O Concello ven subvencionando de modo directo e sen concurrencia competitiva o financiamento de Escolas de Música. É intención do Concello continuar subvencionando os custos de funcionamento das escolas de Musica de Cedeira pero con concurrencia competitiva para o cal mediante providencia de data 03 de xullo de 2017 iniciouse o procedemento para a aprobación das Bases da subvención para gastos de funcionamento de Escolas de Música de Cedeira para o ano 2017.

Resultando que en data 4 de xullo de 2017, asínase por esta Alcaldía o borrador das Bases da convocatoria da referida subvención, en réxime de concurrencia competitiva, a que poderán optar todas as Asociacións Culturais Municipais rexistradas no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira.

Visto o informe de Secretaría de data 4 de xullo de 2017 e o informe de Intervención de data 5 de xullo de 2017.

Consta no expediente retención de crédito número 220170004969 emitida pola Intervención Municipal, na partida 334.489.00, por un importe de 8.000€para o exercicio 2017.

Resultando que, a duración prevista da devandita subvención é de dous exercizos presupuestarios con posibilidade de prórroga ata un máximo de catro exercizos polo que se trata dun gasto de carácter plurianual que, a vista dos importes da subvención para cada anualidade supera as porcentaxes establecidas no artigo 174.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Resultando que, o apartado 5 de dito precepto establece que en casos excepcionais o Pleno da Corporación poderá ampliar o número de anualidades e aumentar as porcentaxes do apartado 3 deste artigo.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

En base ao exposto, e ao abeiro do previsto no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, proponho ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o gasto para a convocatoria pública da subvención para gastos de funcionamento de escolas de música de Cedeira, por un total de 8.000,00€ para o exercicio 2017 na partida 334.489.00. O total da convocatoria ascende a 98.000,00 € para os exercicios 2017 a 2020, segundo a distribución das anualidades que se recollen nas bases, autorizándose polo Pleno expresamente a superación das porcentaxes e anualidades establecidas no artigo 174.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Segundo.- Aprobar as bases da subvención para gastos de funcionamento de escolas de música de Cedeira, que se incorporan como anexo a esta proposta.

Terceiro.- Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, e remitir a información á Base Nacional de Datos de Subvencións (BNDS).

Cuarto. Delegar a resolución da convocatoria na Xunta de Goberno Local.

ANEXO

BASES DA SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE ESCOLAS DE MÚSICA DE CEDEIRA

1- Obxecto da subvención

O obxecto da convocatoria é subvencionar os gastos de funcionamento das escolas de música de Cedeira.

2- Beneficiarios e requisitos

Poderán participar todas as asociacións culturais con sede neste concello que estean rexistradas no Rexistro de Asociacións do Concello de Cedeira no momento de presentación de solicitudes, e que non contrañan o regulado nos artigos 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

No caso de asociacións que foran beneficiarias de subvencións concedidas en anos anteriores polo Concello de Cedeira, deberán telas debidamente xustificadas.

A participación pode facerse de xeito individual ou en conxunto.

No caso de que presenten solicitude varias asociacións de forma conxunta, terán que asignar un representante a efectos de cobramento da subvención e de comunicación co Concello.

3- Forma, lugar, prazo e documentación da presentación das solicitudes

O prazo para presentar a solicitude será de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través da Base Nacional de Datos de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Subvencións.

As instancias presentaranse a través da sede electrónica de acordo co establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Documentación:

- 1- Anexo I cuberto e asinado polo presidente/a da asociación, adxuntando copia do DNI do solicitante e copia do C.I.F. da Asociación.
- 2- Memoria-proxecto do desenvolvemento curricular a aplicar na Escola de Música (metodoloxía, oferta educativa, perfil e formación do profesorado, actividades complementarias...)
- 3- Proxecto de estrutura orgánica para a xestión e funcionamento da Escola, que inclúa tanto perfil económico como pedagóxico. Será requisito obrigatorio prever a creación dun órgano de participación con carácter consultivo que se poida reunir como mínimo unha vez cada tres meses e no que teñan representación o Concello, o profesorado, pais/nais e alumnado.
- 4- Orzamento desagregado dos diferentes conceptos de gastos (gasto de persoal, subministración, material de oficina e didáctico, seguros, xestoría...) e previsión de ingresos.
- 5- Declaración xurada do solicitante de non ter a Asociación obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social e de non contraveñir o regulado nos artigos 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. (Anexo II)

4- Criterios de avaliación para o outorgamento

- 1- A Memoria-proxecto do curriculum escolar poderá obter ata 5 puntos.
- 2- O Proxecto de xestión, ata 5 puntos
- 3- Capacidade de financiamento propio, ata 5 puntos
- 4- Patrimonio da asociación (medios propios, instrumentos..), ata 5 puntos
- 5- Compromiso de emprego da lingua galega nas actividades e difusión da Escola de Música, 5 puntos.
- 6- Experiencia en xestión de actividades de formación musical, ata 5 puntos.
- 7- Propostas ou iniciativas encamiñadas a achegar a Escola de Música á cidadanía, ata 3 puntos.
- 8- Colaboración coas actividades que se desenvolvan por parte do Concello, 2 puntos.

5- Importe

O importe da convocatoria ascende as seguintes cantidades:

Exercicio	Importe subvención	Importe mínimo da xustificación que se debe presentar	Importe máximo do anticipo
2017	8.000,00 €	12.307,69 €	6.000,00 €



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

2018	33.000,00 €	50.769,23 €	24.750,00 €
2019	33.000,00 €	50.769,23 €	24.750,00 €
2020	24.000,00 €	36.923,08 €	18.000,00 €

Para o 2017, o importe estímase para o curso que comezará en setembro de 2017 ata decembro de 2017. O importe das anualidades dos exercicios 2018 e 2019 son para o ano natural completo, e para o ano 2020 comprende ata o 30 de xuño de 2020.

A subvención final de cada exercicio non poderá superar o 65 % sobre o orzamento executado, procedendo o reintegro no caso de non achegar a xustificación mínima que debe presentar.

Só se concederá a subvención á asociación ou conxunto que acade o maior número de puntos entre os criterios de avaliación do punto anterior.

6-Réxime de compatibilidade

A subvención concedida será incompatible con calquera outra subvención ou axuda para actividades e/ou investimentos convocadas polo Concello de Cedeira. Porén será compatible con outras subvencións convocadas por outras entidades públicas ou privadas, sempre que os ingresos non superen os gastos de funcionamento.

A entidade que reciba a subvención está obrigada a facilitar os datos que lle sexan solicitados polo Concello.

7- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

As solicitudes presentadas serán avaliadas por unha comisión composta por: o concelleiro delegado de educación, a concelleira delegada de cultura e turismo, a axente de desenvolvemento local do Concello e unha funcionaria de secretaría municipal. A proposta de resolución, unha vez fiscalizada pola intervención municipal levarase á Xunta de Goberno, que acordará a concesión ou denegación da subvención.

8- Prazos de execución e xustificación da subvención

Unha vez que sexa concedida a subvención á asociación que obteña máis puntos, esta asinará un convenio co Concello no que se especificarán as obrigas e deberes de cada unha das partes.

A duración da subvención será de dous exercicios orzamentarios e poderá ser prorrogable por cada exercicio orzamentario por un máximo de catro exercicios.

O prazo de execución de cada un dos exercicios será o ano natural, agás no último, que será ata o 30 de xuño de 2020. O prazo de xustificación ata o 31 de xaneiro de cada exercicio, agás no último exercicio, no que remata o 31 de xullo de 2020.

Sen perxucio do anterior, admitiránse xustificacións parciais ao longo do ano.

A xustificación realizarase mediante a presentación da documentación sinalada a continuación



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

na sede electrónica do Concello e deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Facturas relativas aos conceptos expresados nos xustificantes de gasto que serán obrigatoriamente os que foran motivo da subvención, así como unha a súa relación das mesmas. No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 e TC2)
- O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Xustificante bancario do pagamento. Só se admitirán pagamentos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00 €e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- Memoria da realización da actividade
- Balance dos gastos de funcionamento
- Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, matrícula e cotas, así como os demais ingresos derivados da Escola de Música ou bandas integradas, asinado polo Secretario/a ou Tesoureiro/a da entidade co visto bo do seu Presidente/a.

Unha vez xustificada correctamente a subvención concedida, ésta será aprobada pola Xunta de Goberno Local para o seu pagamento ao certificado do número IBAN achegado.

9- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables os gastos de funcionamento da escola de música, e concretamente os seguintes:

- Gastos do persoal da Escola de Música (profesorado, conserxe/ordeanza e demais persoal directamente vinculado a Escola de Música) e gastos de administración da Escola (xestoría).
- Material didáctico ou de oficina para a Escola de Música
- Gastos de transporte para desprazamentos con motivo da Escola de Música
- Gastos de mantemento e reparacións das instalacións da Escola de Música, así como os subministros de enerxía eléctrica e comunicacións postais e telefónicas e demais subministros.
- Seguros de responsabilidade civil.
- Gastos de limpeza das instalacións.
- Gastos directos da organización de actividades relacionadas cos estudos musicais (cursos, seminarios e concertos ou similares)

En ningún caso serán subvencionables o importe de comidas e atencións protocolarias de similar natureza, que de selo caso serán asumidos por ingresos propios das Asociacións.

10-Abono anticipado

Poderanse facer entregas anticipadas do importe 75% do importe total no primeiro trimestre da subvención obxecto do convenio, quedando condicionado o seu abono a correcta xustificación dos gastos no anticipo anterior, con facturas ou gasto de nóminas conforme o sinalado na cláusula quinta, referida ao período anterior. O importe restante poderase adiantar no último trimestre, a expensas da xustificación global presentada.

11-Control financeiro



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

As subvencións concedidas polo Concello están suxeitas a control financeiro por parte dos órganos competentes do Concello.

12- Regulación supletoria

En todo o non previsto nas presentes bases, a concesión desta subvención regularase polo disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, regulamento que a desenvolve, Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e Bases de execución do orzamento do Concello de Cedeira.

ANEXO I: SOLICITUDE DE SUBVENCION PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DE ESCOLAS DE MÚSICA DE CEDEIRA

1.-DATOS DO/DA SOLICITANTE.

DNI, NIE: _____ Data nacemento: _____

Nome e apelidos: _____

Enderezo: _____

N.: _____ Portal: _____ Esc.: _____ Planta: _____ Porta: _____

C.P.: _____ Concello: _____

Provincia: _____ Telefono: _____

Correo electrónico: _____

Actúa en representación da Asociación: _____

2.-DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIONES.

DNI, NIE: _____ Data nacemento: _____

Nome e apelidos: _____

Enderezo: _____

N.: _____ Portal: _____ Esc.: _____ Planta: _____ Porta: _____

C.P.: _____ Concello: _____

Provincia: _____ Telefono: _____

Correo electrónico: _____

3.-DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA.

- Fotocopia do DNI do solicitante.
- Fotocopia do C.I.F. da Asociación.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

- Memoria-proxecto do desenvolvemento curricular a aplicar na Escola de Música
- Proxecto de estrutura orgánica para a xestión e funcionamento da Escola, que inclúa tanto perfil económico como pedagóxico.
- Orzamento desagregado dos diferentes conceptos de gastos e previsión de ingresos.
- Declaración xurada do solicitante de non ter a Asociación obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social e de non contraveñir o regulado nos artigos 13 e 10 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (Anexo II).
- Certificación da conta bancaria para a transferencia da subvención.

_____, _____ de _____ de 2017

Sinatura

CONCELLO DE CEDEIRA

De acordo co disposto na Lei organica 15/1999, do 13 de decembro, de proteccion de datos de caracter persoal, informaselle de que os datos facilitados a traves desta instancia seran tratados de xeito confidencial. Estes datos seran incorporados aos ficheiros do Concello de Cedeira relacionados con este tramite. Os datos utilizaranse para as xestions municipais derivadas dos procedementos e consultas que vostede inicia con esta solicitude. Asi mesmo, informaselle de que en calquera momento podera exercitar os dereitos de acceso, cancelacion, rectificacion e oposicion comunicandoo mediante escrito que debера presentar no Rexistro Xeral do Concello.

ANEXO II: DECLARACION RESPONSABLE

con DNI _____, e con enderezo a efectos de notificacións en

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE, en relación coa convocatoria da subvención para gastos de funcionamento de Escolas de Música de Cedeira que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- Non incorre a Asociación que represento en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a da subvención establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 09/2007, de subvencións de Galicia e reúne as condicións para ser beneficiario/a de acordo co previsto na base segunda desta convocatoria.

2. DECLARO RESPONSABLEMENTE, en relación coa convocatoria da subvención para gastos de funcionamento de Escolas de Música de Cedeira que:

- A Asociación que represento non ten pendentes obrigas tributarias co Concello de Cedeira, nin coa Administración de Facenda ou Seguridade Social

3. ACEPTO as actuacións de comprobación e seguimento que leve a cabo o Concello.

4. AUTORIZO, para os efectos da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ó Concello de Cedeira a incorporar estes datos, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello Cedeira que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de tramite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei Xeral de Subvencións 38/2003 e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese.

Son, así mesmo, consciente de que os datos facilitados poden resultar obrigatorios para a xestión e tramitación do expediente, e comprométome a comunicar no menor prazo de tempo posible ó Concello de Cedeira, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización. A unidade tramitadora, en tanto non se comunique o contrario, entendera que os datos proporcionados son exactos e actuais.

Por parte de representante legal asinante ou calquera outro interesado poderanse exercitar os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición na forma legalmente prevista, remitindo comunicación ó Concello de Cedeira.

5. COÑEZO as responsabilidades legais que se derivan por falsidade en documentos administrativos e, en particular, a esixencia do reintegro da subvención mais os intereses de demora correspondentes, sen prexuízo da tramitación do correspondente expediente.

Cedeira, _____ de _____ do 2017

Asdo.: _____

A Comisión, por tres votos a favor do PSdG-PSOE (un), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e proponer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións prodúcense as seguintes:

O Sr Rubido Ramonde di: Nosoutros imos votar en contra porque non estamos de acordo co baremo. Non nos parece moi acertado e, ademais, o goberno fai un silencio total do que pode ser o principal, unha das pezas principais, que é o coste ós usuarios do importe das matrículas. Para



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

nosotros o importante é o prezo que vai ter para as familias e para os usuarios a futura escola de música. E logo, facer un rogo: que non forme parte da mesa un membro que sexa membro, non sei se vai ser así, da xestora dunha asociación musical. Penso que hai unha contradicción. Non estou dando por suposto que pertenzas, ignoro si pertences a algunha asociación...

O Sr. Labraña Barrero di: ¿Entón por qué o dis?

O Sr. Rubido Ramonde di: Estou falando obxectivamente, porque estou mirando por onde vai isto. Non sei se eres parte da directiva da asociación de acordeóns. Pero é lóxico que se o eres, unha de dúas, saias da directiva ou non formes parte da mesa.

O Sr. Labraña Barrero di: É evidente que se eu formo parte da asociación de acordeóns, que neste momento non son parte da directiva, son un asociado, neste momento non son, pero podo ser porque vai a haber renovación da xunta directiva e é posible que sí o sexa, entón evidentemente sería unha contradicción ser aspirante e ó mesmo tempo adxudicante.

O Sr. Rubido Ramonde di: Eu non me quería perder no que é supérfluo porque sei que vas ser conseqüente, pero sí co que van a pagar os usuarios, iso non se prima por ningunha parte e silénciase totalmente, e para nós iso é fundamental.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Por un lado, falando ademáis da comisión avaliadora, eu creo que como son unhas bases a catro anos, creo que era importante que un de vostedes formara parte tamén da comisión avaliadora.

O Sr. Rubido Ramonde di: Sería importante cando participáramos na redacción das bases que queredes aprobar. Eu cun mal instrumento non formo parte porque vai ter un resultado, posiblemente, inxusto.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Nós aquí nos criterios de avaliación, un dos criterios é a capacidade de financiamento propio.

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai un párrafo, pero non o dí expresamente.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Aínda que non o di expresamente en todas as subvencións se ten en conta, como non se vai a ter en conta. É fundamental. Unha da documentación que se ten que presentar á hora de xustificar é o certificado dos ingresos da actividade que comprenderá a propia achega do concello, matrícula e cotas. Tampouco me parecería mal en criterios de avaliación poñelo clariñamente.

O Sr. Rubido Ramonde di: Que teña unha puntuación expresa.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Pois poñémolo sen ningún problema, e de todas maneiras, insisto...

O Sr. Alcalde di: Gustaríanos que participárades, añadindo ese punto.

O Sr. Rubido Ramonde di: Si participáramos na redacción deste documento si. Pero para aplicar un documento co que non estamos de acordo...



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Alcalde di: Pero eu estou vendo que de todos os puntos que hai no documento hai un no que non estades de acordo. Si nosoutros introducimos ese cambio...

A Sra. Rodríguez Pérez di: Si non forman parte quedan as bases tal e como están porque eu entendo que sí está incluído.

Sometido o asunto a votación ordinaria, resulta o seguinte: seis (6) votos a favor, do PSdG-PSOE (2), do BNG (2) e de ANOVA (2), e seis (6) votos en contra do PP.

Ante o resultado de empate, de conformidade co previsto no artigo 99 do R.O.F. efectúase nova votación, resultando o seguinte: seis (6) votos a favor, do PSdG-PSOE (2), do BNG (2) e de ANOVA (2), e seis (6) votos en contra do PP. Ao persistir o empate, decide o voto de calidade do Presidente, polo que resulta APROBADO o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS REX 6-2017

Pola Secretaria dáse lectura ao ditame da Comisión Informatica de Plenos de data 10 de xullo de 2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 05.07.2017, que dí:

“Figurando pendente de pagamento diversas facturas por gastos pola realización de diferentes servizos que non puideron ser aplicadas ao correspondente exercicio por ser presnetadas a finais de xuño de 2017, é polo que, ao amparo do establecido nos artigos 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro del Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos, e 14 das Bases de Execución do Presuposto, elévase ao Pleno da Corporación.

Figura no expediente informe de reparo da Intervención municipal polo trámite de facturas e gastos do exercicio anterior sen o preceptivo trámite orzamentario.

Tendo en conta que de non tramitar as facturas se trataría de un enriquecemento inxusto para a Administración pois se trata de gastos efectivamente realizados que teñen o seu conforme na recepción dos gastos ou servizos e que pola urxencia nos gastos se fixeron efectivos.

A factura de Gas Natural SUR, correspóndese coa subministración eléctrica unha factura con dirección de suministro Lug Muelle 9997 Obra, que se corresponde co Castelo da Concepción.

No caso da factura da Asociación Cultural Garola é por unha actuación do 2016, aínda que a factura foi presentada finalmente no rexistro de entrada o 28 de xuño de 2017, polo que nese caso é por causas alleas ao Concello.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Por todo iso propónse ao Pleno, para a súa aprobación se así estímase oportuno, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar a nota de reparo incorporada ao expediente.

Segundo.- O recoñecemento extraxudicial dos créditos obrantes no expediente instruído que constan de 2 rexistros e un importe total de SEISCENTOS OITO EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (608,98 €) nos termos que se detallan a continuación.

Nº REX.	DATA FRA.	TEXTO EXPLICATIVO	PRG	EC	IMPORTE
F/2017/1516	20/11/2016	FRA LUG MUELLE	920	22100	108,98 €
F/2017/1552	01/11/2016	REPRESENTACION TREATRAL A NOITE DE SAMAIN	334	22710	500,00 €
				TOTAL	608,98 €

A Comisión, por tres votos a favor do PSdG-PSOE (un), do BNG (un) e de ANOVA (un), e tres abstencións do PP, acorda ditaminar devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación. “

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

6. MOCIÓN SOLICITANDO O APOIO DO CONSISTORIO AO VECIÑO E EX-DIRIXENTE SINDICAL X.A.L.P. E REXEITANDO A APLICACIÓN DA CHAMADA " LEI MORDAZA "

Pola Secretaría dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 10 de xullo de 2017, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 05.07.2017, que dí:

“Rematada a fase de instrución, o Xulgado de Instrución 3 de Ferrol vén de emitir auto polo que abre xuízo oral e sinala a competencia da Audiencia Provincial para xulgar os feitos que sucederon no marco dunha protesta convocada polo comités de Navantia e Poligal, con motivo dun acto electoral do PP en Ferrol, no inicio da campaña ás autonómicas de 2012.

Acórdase así abrir xuízo oral que se desenvolverá na Audiencia Provincial dada a gravidade das acusacións.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

En canto ás acusacións, por parte da Fiscalía atribúese ao compañeiro P. un delito de atentado e unha falta de lesións.

Interventor/a de la Entidad local CONFIRMO que los datos que figuran como ejecución real en el presente documento coinciden con los aprobados por el Presidente de la Corporación

Fecha de conocimiento del Pleno del informe 13 de xullo de 2017

DENOMINACI	2010. Plan Saneamiento		2010. Ejecución Real	
	Previsión Liquidación (3)	Previsión Recaudación	Liquidado (4)	Recaudación corriente
Impuestos Directos	1.070.095,00	1.070.095,00	1.633.728.96	1.633.728.96
<i>Variación interanual</i>	101%	101%	104%	104%
Impuestos Indirectos	300.000,00	300.000,00	74.321.54	74.321.54



<i>Variación interanual</i>	1.00	1.00	150%	150%
Tasas v otros Ingresos				
<i>J. afectados operaciones capital</i>				
Tasas y otros ingresos no afectados	587.811.10	587.811.10	464.836.81	443.417.89
<i>Variación interanual</i>	103%	103%	70%	68%
Transferencias Corrientes	2.060.036.68	2.060.036.68	2.156.826.45	2.098.087.45
<i>Variación interanual</i>	101%	101%	82%	84%
Ingresos patrimoniales	194.000.00	194.000.00	122.044.54	122.044.54
<i>Variación interanual</i>	100%	100%	105%	107%
Enajenación inversiones reales			1.205.00	1.205.00
Transferencias de capital			2.416.683.75	1.486.133.61
Activos financieros	3.000.00	3.000.00	4.624.00	2.414.00
Pasivos financieros			151.328.00	151.328.00
GASTOS	Previsión Liquidación (3)	Previsión pagos corriente +	Liquidado (4)	Recaudación o corriente
Gastos de Personal	2.164.255,76	2.164.255,76	2.316.909,83	2.275.064,37
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	1.519.474.40	1.519.474.40	1.676.736.56	1.462.596.47
Gastos Financieros	93.285.00	93.285.00	78.405.55	32.960.30
<i>Endeudamiento anterior</i>	87.600.00	87.600.00		
<i>Operación de refinanciación</i>	5.685.00	5.685.00		
<i>Otros gastos financieros</i>				
Transferencias Corrientes	119.952.89	119.952.89	158.623.32	139.413.00
Inversiones reales	254.375.00	254.375.00	2.295.636.35	2.015.772.83
Transferencias de Capital	245.000.00	245.000.00	1.726.33	1.726.33
Activos financieros	9.375.00	9.375.00	2.600.00	2.600.00
Pasivos Financieros	245.000,00	245.000,00	307.205.59	307.205.59
<i>Endeudamiento anterior</i>				
<i>Operación de refinanciación</i>				

INDICADORES DE CUMPLIMIENTO DEL PLAN DE SANEAMIENTO

Ahorro neto deducido de la liquidación 60.599,73 39.542,67

Remanente de Tesorería Gastos Generales	120.753,85
Obligaciones sin aplicar a Pto. gastos 2010	607.818,17
Devoluciones ingresos sin aplicar a Pto. 2010	58,80
Remanente de Tesorería Gastos Gles. Ajustado	-487.123,12
<i>Variación interanual</i>	99%

Fecha de certificación 26 de mayo de 2017

Número de referencia del documento JVZ.26.05.2017.1



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
 Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
 C.I.F.: P-1502200-G

ANEXO 5. EVALUACIÓN ANUAL DEL CUMPLIMIENTO DEL PLAN DE SANEAMIENTO.

Año al que se refiere la evaluación | 2011

Denominación de la Entidad local	Código	CIF
Ayuntamiento de Cedeira	15022	P1502200G
Nombre y apellidos del Interventor de la Entidad local	DNI	
D/Dª Jorge Manuel Vidal Zapatero	XXXXXXXXXXXX	

Interventor/a de la Entidad local CONFIRMO que los datos que figuran como ejecución real en el presente documento coinciden con los aprobados por el Presidente de la Corporación

Fecha de conocimiento del Pleno del informe 13 de xullo de 2017

DENOMINACION	2011. Plan Saneamiento		2011. Ejecución Real	
	Previsión Liquidación (3)	Previsión Recaudación corriente + cerrados	Liquidación (4)	Recaudación corriente + cerrados
INGRESOS				
Impuestos Directos	1.080.795,95	1.080.795,95	1.543.169,41	1.543.169,41
<i>Variación interanual</i>	101%	101%	98%	99%
Impuestos Indirectos	300.000,00	300.000,00	16.752,67	16.752,67
<i>Variación interanual</i>	1,00	1,00	34%	34%
Tasas y otros Ingresos				
<i>I. afectados operaciones capital</i>				
Tasas y otros ingresos no afectados	593.569,21	593.569,21	616.031,87	611.468,32
<i>Variación interanual</i>	103%	103%	93%	94%
Transferencias Corrientes	2.080.637,05	2.080.637,05	2.163.823,91	2.070.489,60
<i>Variación interanual</i>	101%	101%	82%	83%
Ingresos patrimoniales	194.000,00	194.000,00	106.111,34	106.111,34
<i>Variación interanual</i>	100%	100%	92%	93%
Enajenación inversiones reales				
Transferencias de capital			359.759,78	182.896,70
Activos financieros	3.000,00	3.000,00		
Pasivos financieros				
GASTOS				
Gastos de Personal	2.205.019,76	2.205.019,76	2.240.118,60	2.193.983,32
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	1.537.242,55	1.537.242,55	1.815.748,44	1.629.520,62



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Gastos Financieros	84.990,00	84.990,00	26.906,30	26.906,30
<i>Endeudamiento anterior</i>				
<i>Operación de refinanciación</i>				
<i>Otros gastos financieros</i>				
Transferencias Corrientes	119.952,89	119.952,89	88.394,53	88.394,53
Inversiones reales	30.500,00	30.500,00	877.394,20	731.073,84
Transferencias de Capital				
Activos financieros	3.000,00	3.000,00		
Pasivos Financieros	242.550,00	242.550,00	326.640,74	326.640,74
<i>Endeudamiento anterior</i>				
<i>Operación de refinanciación</i>				

INDICADORES DE CUMPLIMIENTO DEL PLAN DE SANEAMIENTO

Ahorro neto deducido de la liquidación

16.950,29

48.473,39

Remanente de Tesorería Gastos Generales

-3.926,66

249.419,44

8.596,66

Obligaciones sin aplicar a Pto. gastos 2011 Devoluciones ingresos sin pagar con

-253.346,10

52%

Pto. 2011 **Remanente de Tesorería Gastos Gles. Ajustado** *Variación interanual*

Fecha de certificación:

26 de mayo de 2017

Número de referencia del documento"

JVZ.26.05.2017.2

A Corporación queda enterada.

10. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucions adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previtos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto
2017/G003/000228	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DE 31.05.2017	00223/2017
2017/G003/000227	EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA (EXP. 2016/I002/000004)	00224/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000229	APROBACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00225/2017
2017/G003/000230	APROBACIÓN DA LISTAXE PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL	00226/2017
2017/G003/000231	LICENZA NÚM. 201702 PARA A TENENCIA DE ANIMAL PERIGOSO	00227/2017
2017/G003/000232	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE SEIS PEÓNS PARA PROTECCIÓN DE MEDIO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL	00228/2017
2017/G003/000233	NOMINA DE MAIO DE 2017	00229/2017
2017/G003/000234	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA CREACIÓN DO SERVIZO LINGÜÍSTICO	00230/2017
2017/G003/000235	CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL	00231/2017
2017/G003/000236	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR INTERINIDADE DUNHA LIMPADORA PARA A PRAZA CON CÓDIGO 15022LIMP-07	00232/2017
2017/G003/000237	NOMEAMENTO DE IRIS PITA LEONARDO PARA CUBRIR NECESIDADES URXENTES E INAPRAZABLES	00233/2017
2017/G003/000238	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR INTERINIDADE DE CINCO AUXILIARES PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	00234/2017
2017/G003/000239	DELEGACION DE FUNCIONS DE ALCALDIA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE	00235/2017
2017/G003/000240	MC 09 2017 GC 04 2017	00236/2017
2017/G003/000241	AVOCAR COMPETENCIA E APROBAR MULTA XUNTA POR NON ATENDER O REQUERIMENTO DA DAMINISTRACION HIDRAULICA	00237/2017
2017/G003/000242	RESOLUCION EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO	00238/2017
2017/G003/000243	ALTAS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES. MAIO 2017	00239/2017
2017/G003/000244	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE PARA PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL	00240/2017
2017/G003/000245	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00241/2017
2017/G003/000246	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00242/2017
2017/G003/000247	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00243/2017
2017/G003/000248	REMISION DA OFERTA AO SERVICIO PUBLICO DE EMPREGO PARA A CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS	00244/2017
2017/G003/000249	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DA OBRA "ÁREA DE OCIO E DESCANSO NO PARQUE DO ROMEIRO"	00245/2017
2017/G003/000250	INICIO PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	00246/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000252	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS PERCEPTORAS DA RISGA	00247/2017
2017/G003/000253	RESOLUCION DESESTIMATORIA RECURSO DE REPOSICION EN MATERIA DE TRAFICO, CIRCULACION DE VEHICULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIARIA	00248/2017
2017/G003/000251	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO "MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA. PMA 2016 - ACTUACIÓN 1: ALUMADO PÚBLICO NO PASEO MARÍTIMO E RÚA CUARTEL"	00249/2017
2017/G003/000254	APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE MELLORA DE ACCESIBILIDADE E OUTROS NA BIBLIOTECA DE MAIO DE 2017	00250/2017
2017/G003/000255	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA PARA EQUIPAMENTO DE EMERXENCIAS	00251/2017
2017/G003/000256	APROBACIÓN DA PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SANEAMENTO DE CEDEIRA. CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA), COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL GALICIA 2014-2020	00252/2017
2017/G003/000257	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA PARA OFICINAS DE INFORMACIÓN TURISTICA AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DURANTE CATRO MESES	00253/2017
2017/G003/000258	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA PARA OFICINAS DE INFORMACIÓN TURISTICA AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA DURANTE DOUS MESES	00254/2017
2017/G003/000259	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE AMPLIACIÓN DO ALUMADO NO PASEO DA MAGDALENA. PAS 2015	00255/2017
2017/G003/000260	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SUBSTITUCIÓN POR VACACIÓNS DE R.L.B.	00256/2017
2017/G003/000261	DECRETO NÓMINA EXTRAORDINARIA DE XUÑO 2017	00257/2017
2017/G003/000262	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO PEÓNS PARA UNHA CUADRILLA DE LIMPEZA DE PRAIAS	00258/2017
2017/G003/000263	LEVANTAMENTO DE REPARO ADXUDICACION DEREITO CESION NICHOS CEMITERIO MUNICIPAL	00259/2017
2017/G003/000264	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DE FACTURAS	00260/2017
2017/G003/000265	RESOLUCION EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO	00261/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000266	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 335/2017, J.L.N.C. CONTRA CONCELLO DE CEDEIRA	00262/2017
2017/G003/000267	DESIGNACIÓN DE AVOGADO NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 259/2017, M.H.D. CONTRA CONCELLO DE CEDEIRA	00263/2017
2017/G003/000268	DELEGACIÓN NA CONCELLEIRA MARIA JOSÉ RODRÍGUEZ PÉREZ PARA OFICIAR MATRIMONIO CIVIL – D.P.R. E J.A.M.	00264/2017
2017/G003/000269	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00265/2017
2017/G003/000270	XUSTIFICACION DE AES CONCEDIDA NO DECRETO NÚM. 192/2017	00266/2017
2017/G003/000271	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00267/2017
2017/G003/000272	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DO 1 AO 31 DE MAIO DE 2017	00268/2017
2017/G003/000273	OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CEDEIRA PARA O ANO 2016	00269/2017
2017/G003/000276	LEVANTAMENTO DE REPARO- PAGAMENTO HORAS EXTRAORDINARIAS A E.V.M.	00270/2017
2017/G003/000277	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA NORMALIZADORA LINGÜÍSTICA	00271/2017
2017/G003/000278	AUTORIZACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS A Á.F.F.	00272/2017
2017/G003/000275	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO-LOCOMOCIÓN	00273/2017
2017/G003/000274	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DE "INSTALACIÓN DE XOGOS BIOSAUDABLES E INFANTÍS"	00274/2017
2017/G003/000280	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE PARA DONA M.V.L.S.	00275/2017
2017/G003/000281	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00276/2017
2017/G003/000282	CONTRATACION LABORAL TEMPORAL DE DÚAS AUXILIAREES DE POLICIA LOCAL	00277/2017
2017/G003/000284	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á AGADER PARA MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018	00278/2017
2017/G003/000283	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00279/2017
2017/G003/000286	PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2017	00280/2017
2017/G003/000279	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00281/2017
2017/G003/000287	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00282/2017
2017/G003/000288	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00283/2017
2017/G003/000289	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00284/2017
2017/G003/000290	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00285/2017

**CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)**

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000291	OCUPACIÓN DA VIA PÚBLICA	00286/2017
2017/G003/000292	INCOACIÓN DE EXPEDIENTES PARA BAIXA DE OFICIO NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO_ENC SARP. (INE 141-142-143)	00287/2017
2017/G003/000285	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00288/2017
2017/G003/000293	ARQUIVO DO EXPEDIENTE POR DESISTIMENTO	00289/2017
2017/G003/000294	XUSTIFICACION DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 218/2017	00290/2017
2017/G003/000295	NOMINA DE XUÑO DE 2017	00291/2017
2017/G003/000296	LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DE FACTURAS	00292/2017
2017/G003/000297	CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS	00293/2017
2017/G003/000299	APROBACIÓN DEFINITIVA MC 10 2017 TC 03 2017	00294/2017
2017/G003/000298	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRAFICO	00295/2017
2017/G003/000301	DISPOSICION DE GASTOS POR ASISTENCIAS A PROCESOS DE SELECCIÓN: SAF, PEONS (PEL) E AUXILIARES POLICIA LOCAL REALIZADOS DURANTE O ANO 2017	00296/2017
2017/G003/000302	MODELOS AEAT 111, 115 E 303 DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2017	00297/2017
2017/G003/000303	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA REALIZACIÓN DE FESTIVAIS MUSICAIS	00298/2017
2017/G003/000300	DESIGNACIÓN DE ABOGADO EN RECURSO DE CASACIÓN (PROCEDEMENTO AP RECURSO DE APELACIÓN 393/2016), B.L.P. CONTRA CONCELLO DE CEDEIRA/A.R.F.	00299/2017
2017/G003/000305	APROBACIÓN DO PLAN SEG. E SAÚDE DE "AMPLIACIÓN ALUMADO PASEO MAGDALENA"	00300/2017
2017/G003/000304	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00301/2017
2017/G003/000306	APROBACIÓN DO PLAN DE SEG. E SAÚDE DE "MELLORA EFICIENCIA ENERXÉTICA. ACTUACIÓN 1: ALUMADO PASEO MARÍTIMO E RÚA CUARTEL"	00302/2017
2017/G003/000307	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00303/2017
2017/G003/000308	CONFORMIDADE COA EXECUCIÓN DE OBRA NO POS ADIC. 1/2016	00304/2017
2017/G003/000309	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL	00305/2017
2017/G003/000310	CONTRATO MENOR PARA O MANTEMENTO MENSUAL DE APARCABICIS PÚBLICOS	00306/2017
2017/G003/000311	2ª CONVOCATORIA DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DO PROCESO SELECTIVO DE SOCORRISTAS PARA O SERVIZO DE PROTECCION E MANTEMENTO DE PRAIAS	00307/2017



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

2017/G003/000312

CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DE DATA 13.07.2017

00308/2017

O Pleno queda enterado.

11. MOCIÓN DE URXENCIA

O Sr. Alcalde di que quería pedirle ó grupo popular, con motivo da falta dun concelleiro por motivos persoais, o seu apoio para aprobar a urxencia das mocións, independentemente de cal sexa despois o criterio do voto, porque cre que son mocións que benefician.

O Sr. Rubido Ramonde di que si.

O Sr. Alcade dálle as gracias.

Pola Presidencia infórmase que se somete á consideración do Pleno, por razón de urxencia, as seguintes tres mocións ás que pola Secretaria dáse lectura:

11.1.- MOCIÓN DO GOBERNO MUNICIPAL DE CEDEIRA CONTRA O PECHE DO C.P.I. MONTE CAXADO DO CONCELLO DE AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ E DO C.P.I. EMILIO NAVASQUÉS DE OUTES

“O goberno municipal de Cedeira queremos amosar o noso rexeitamento ao peche do C.P.I. Monte Caxado das Pontes, decisión adoptada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e recollida no artigo 2 do Decreto 60/2017, do 22 de xuño, así como do C.P.I Emilio Navasqués de Outes.

Polo que manifestamos e acordamos o seguinte:

- 1- Defensa a ultranza do ensino público.
- 2- Rexeitamento de calquera decisión que supoña a extinción, peche, integración, reordenación..., sen acadar o consenso necesario en base ao diálogo coa comunidade educativa.
- 3- Garantir os dereitos de pais e nais para a liberdade de elección de centros.
- 4-Garantir o mantemento do emprego público nos centros educativos.

Remitir a presente moción á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, manifestando o rexeitamento do Concello de Cedeira ao peche do C.P.I. Monte Caxado do Concello das Pontes de García Rodríguez e do C.P.I Emilio Navasqués de Outes.”

Polo Sr. Presidente se somete a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por seis (6) votos a favor, do PSdG-PSOE (2), do BNG (2) e de ANOVA (2) e seis (6) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.

11.2.- MOCIÓN DE URXENCIA IDAE

Visto o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE 17 de xuño de 2017).

Recibida a memoria descritiva das actuacións que cómpre cometer realizada por Valora Consultores e que conforman o proxecto singular “MEMORIA PROYECTO SINGULAR. MEDIDA 6. RENOVACIÓN DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO, ILUMINACIÓN Y SEÑALIZACIÓN EXTERIOR, DEL AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA”.

Resultando que no artigo 12 do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño para formular a solicitude, debe aportarse entre outras a seguinte documentación:

“a) Certificado acreditativo de la resolución o acuerdo del órgano de gobierno o de representación competente de la entidad solicitante en el que, de forma expresa, se aprueben:

1.º La participación y aceptación expresa del procedimiento regulado por este Real Decreto;

2.º Las actuaciones que componen el proyecto singular subvencionable y la dotación presupuestaria para llevarla a cabo. Esta aprobación presupuestaria podrá encontrarse condicionada a la obtención de cofinanciación FEDER para llevarla a cabo;

3.º La Memoria descriptiva de las actuaciones a acometer, a la que se refiere el apartado c de este artículo, la cual, bien se incluirá como anexo del acuerdo o bien se mencionará en el mismo, convenientemente identificada y referenciada.

b) Certificado de disposición de crédito suficiente para llevar a cabo las actuaciones planteadas o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar el proyecto planteado, en el caso de que el mismo resulte seleccionado en esta convocatoria, emitido por la Intervención de la Entidad local o unidad administrativa que ejerza sus funciones.”

En uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado por este Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE 17 de xuño de 2017).

Segundo.- Aprobar as actuacións que compoñen o proxecto singular subvencionable e aprobar o compromiso do concello de habilitar crédito suficiente para financiar o proxecto plantexado, no caso de que o mesmo resulte seleccionado na presente convocatoria, condicionado á obtención de cofinanciamento FEDER para levala a cabo.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Terceiro.- Aprobar a memoria descriptiva das actuacións que cómpre acometer “RENOVACIÓN DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO, ILUMINACIÓN Y SEÑALIZACIÓN EXTERIOR, DEL AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA”, á que se refire o apartado c do artigo 12 do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, a cal, se inclúe como anexo do presente acordo.

Non obstante, o Pleno do concello acordará o que estime oportuno.”

Polo Sr. Presidente se somete a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Aberto o turno de intervencións prodúcense as seguintes:

O Sr. Casal García di: Quixera ser un pouco máis explícito, para que os compañeiros da oposición se enteren un pouco do que se pretende, sin ánimo de ser exhaustivo. Para este proxecto de renovación das instalacións de alumbrado, iluminación e sinalización exterior, solicitamos unha subvención do FEDER vía IDEA dun millón de euros do cal se nos proporciona o 80% e o concello asume o 20% restante. Actualmente no Concello de Cedeira existen 99 cadros de alumbrado público que representan 2.535 luminarias de diversas características. Pretenden cambiarse 2.138, ou sexa, iso significa que as outras casi 400 non o necesitan porque deben de ser xa lámparas led. Duas mil cento trinta e oito pertencentes a 95 cadros diferentes. Destes 95 cadros hai 50 que hai que reformalos integralmente, outros 45 sufrirán pequenas adaptacións, e os 4 cadros restantes están en perfecto estado. A inversión sobrepasa o millón de euros. O aforro enerxético, como sempre que se instalan luminarias de tipo led, é casi de dous tercios, e polo tanto, o aforro económico é outro tanto tamén. O tempo de retorno da inversión sitúase por riba dos 17 anos. Iso grosso modo, xa digo, sin necesidade de meternos máis a fondo. Si se quere coñecer algo máis, cantidades, amortización anual, en fin, todo iso é farragoso, pero si se quere, incluso si se quere ter por escrito pois tamén se lles dá.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a moción nos termos nos que quedou transcrita.

11.3.- APROBACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “MELLORA DO SANEAMENTO EN CEDEIRA. FASE I. CEDEIRA (A CORUÑA)” E RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 252/2017, DO 14 DE XUÑO, POLO QUE SE APROBA A PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SANEAMENTO DE CEDEIRA, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL GALICIA 2014-2020.

“A Administración Hidráulica de Galicia está a tramitar a actuación contemplada no convenio de colaboración asinado o 18.07.2016 entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cedeira, para a execución da Actuación de Mellora do Saneamento en Cedeira, cun presuposto de 733.650,71 euros, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020.

Dito Convenio foi aprobado mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 22.06.2016, posteriormente ratificado polo Pleno do Concello en sesión realizada o 21.07.2016.

A Cláusula terceira do mencionado convenio detalla as obrigas xerais do concello para o cumprimento do obxecto do convenio, entre outras:

- Someter o proxecto das obras a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 30 días hábiles.
- Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado.
- Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
- A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa.

Mediante oficio de data 20.10.2016, reiterado o 31.05.2017, requírese por parte de Augas de Galicia, co fin de realizar os trámites necesarios para a licitación da obra, a remisión da seguinte documentación:

- Certificado do acordo plenario polo que se presta conformidade co proxecto das obras, compromentendose o Concello a recibir as obras, e como titular, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación, e comprometendose á posta a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, ou de ser o caso, da tramitación do correspondente trámite expropiatorio.
- Certificación acreditativa da dispoñibilidade de terreos.
- Certificación acreditativa do resultado do proceso de información pública, ou da non procedencia da realización de dito trámite.

O proxecto foi sometido a información pública durante trinta días hábiles (BOP núm. 6 de 10 de xaneiro de 2017), sen que durante o citado prazo se presentasen alegacións, segundo se certifica pola Secretaria do Concello.

En data 01.06.2017 emítase informe polo enxeñeiro redactor do proxecto, a solicitude do Concello, aclaratorio de dúbidas xurdidas respecto ó trazado de colectores e dispoñibilidade dos terreos para a execución das obras, no que se indica o seguinte:

A reposición do colector de saneamento existente no borde do Río Condomiñas, afectado polas servidumes do Dominio Público Marítimo Terrestre, proxectouse baixo o borde da senda peonil executada pola Demarcación de Costas, situada na Servidume de Tránsito de Costas, sensiblemente paralelo ó existente.

Aínda que pola escala e definición da cartografía utilizada sobre a que se representaron os trazados dos colectores, puidese aparentar afectada algunha parcela catastral



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

limítrofe, tanto no Plano de Reposición de Firmes como no Capítulo 1 do Presuposto do Proxecto, figura a afectación e reposición da senda peonil existente.

Co trazado descrito (baixo a senda peonil existente) constaba a dispoñibilidade dos terreos, segundo os datos catastrais dispoñibles, polo que non se considerou no Proxecto a necesidade de expropiacións ou xestión de terreos particulares.

A execución da actuación deberá dispoñer da correspondente autorización da Demarcación de Costas (durante a fase de redacción do Proxecto realizouse separata para consulta ó mencionado organismo).

En data 07.06.2017 emítase informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, no que se detallan os terreos necesarios para a execución do investimento indicando que o Concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento, en tanto que ostenta a titularidade dos mesmos, excepto nos que en dito informe se relacionan, para os que se deberá solicitar autorización para a dispoñibilidade dos mesmos ao titular (Demarcación de Costas, Servizo de Estradas da Deputación, e Axencia Galega de Infraestruturas).

En data 15.06.2017 emítase informe técnico conxunto polo Arquitecto municipal e o Arquitecto técnico municipal no que se sinala, no que aquí interesa, o seguinte:

- Respecto ao trazado do colector pola marxe esquerda do Río Condomiñas, conforme ao informe do técnico redactor do proxecto de data 05.06.2017, dito trazado discorre pola senda peonil existente.
- Son necesarias autorizacións sectoriais da Demarcación de Costas, do Servizo de Estradas da Deputación, e da Axencia Galega de Infraestruturas.

En data 30.06.2017 emitiuse informe desfavorable pola Intervención municipal, que reitera algunhas das circunstancias xa postas de manifesto no informe de data 22.06.2016 emitido con ocasión da aprobación do convenio, e que supón a emisión de nota de reparo suspensiva da tramitación do expediente. Fundaméntase dita nota de reparo, esencialmente, na ausencia de informe técnico municipal que xustifique a conformidade co proxecto, a falla de constancia da solicitude das autorizacións pertinentes ás entidades titulares dos terreos que non son de titularidade municipal, e a ausencia de informe técnico ou xurídico que xustifique a procedencia ou non da licenza de obras e da necesidade ou non do trámite de avaliación ambiental.

A discrepancia debe ser resolta polo Pleno do Concello de acordo co previsto no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Debe sinalarse ao respecto que en data 04.07.2017 emítase informe técnico no que se indica o seguinte:

I. Na xustificación no documento técnico: *MEMORIA 8. SERVICIOS AFECTADOS, DISPONIBILIDAD DE TERRENOS Y COORDINACIÓN CON OTRAS ADMINISTRACIONES*, contén un apartado de indicación das afeccións sectoriais.

Durante a redacción proxecto, emitíronse unha serie de informes e autorizacións:

- Tramitación da autorización da Demarcación de Costas en Galicia:

- 30/4/2014 Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Informe emitido en sentido favorable.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

- 2/4/2014 Concello de Cedeira. Informe do arquitecto técnico municipal.
- 23/06/2014 Servizo de Conservación da Natureza. Informe emitido en sentido favorable condicionado.
- Outros informes:
 4. 17/2/2015 Instituto de Estudos do Territorio. Informe emitido en sentido favorable con recomendacións.
 5. 2/3/2015 Axencia Galega de Infraestruturas. Informe con recomendacións para o proxecto.
 6. 4/2/2015 Deputación A Coruña. Informe con recomendacións para o proxecto.

Cós datos de que se dispoñen sinálase o seguinte:

- Afección ao Dominio Público Marítimo Terrestre, Demarcación de Costas:

Visto o documento da Demarcación de Costas en Galicia de data 6/2/2015, así como os informes da tramitación aportados, consta autorización a favor de Augas de Galicia para a execución das obras. Neste documento condicionase a obter a autorización na zona de servidume de protección, polo servizo correspondente da Xunta de Galicia.

- Afección a terreos da estrada DP 2204, Deputación Provincial de A Coruña, Servizo de Estradas.

- Afección a terreos da estrada AC 566, Xunta de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas.

II. Na xustificación no documento técnico: *ANEJO Nº1: ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS* indícase que a actuación resulta conforme á lexislación urbanística, así como o planeamento en vigor.

Conforme ás comprobacións realizadas a actuación resulta conforme ao cumprimento da lexislación urbanística, así como o planeamento en vigor.

III. Na xustificación no documento técnico: *ANEJO Nº15: ESTUDIO AMBIENTAL* indícase que a actuación non esta suxeita á tramitación ambiental.

Tendo en conta que o proxecto esta asinado en data 2013, vista a normativa vixente e conforme ás seguintes comprobacións a actuación:

- Non resulta entre as incluídas no Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

- Non resulta entre as sometidas á avaliación ambiental dos anexos da *Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental*.

iV. Conclúe o técnico municipal indicando que a actuación cumpre a lexislación urbanística así como o planeamento en vigor, e non require avaliación ambiental, sendo necesarias autorizacións sectoriais da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Servizo de Estradas da Deputación Provincial, e Axencia Galega de Infraestruturas.

Consta no expediente a solicitude polo Concello das citadas autorizacións sectoriais en data 06.07.2017.

En data 11.07.2017 emítese informe xurídico no que se indica que á vista do establecido no convenio trátase dunha obra pública de titularidade municipal, sendo de aplicación o previsto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo que, constando acreditado no expediente o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial e do planeamento en vigor, as obras entenderanse autorizadas polo acordo plenario de aprobación do proxecto.

Por último debe indicarse que mediante Resolución da Alcaldía núm. 252/2017 de 14 de xuño, que debe ser ratificada polo Pleno do Concello, aprobase a Primeira Addenda ao Convenio de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cedeira para a execución da actuación de Mellora do Saneamento de Cedeira. Concello de Cedeira (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no Marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, a requerimento da Dirección de Augas de Galicia, ante a necesidade de ampliar o prazo de vixencia ata o 31.12.2018 e proceder ó reaxuste das anualidades a fin de adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras, debido a que se produciron retrasos nos prazos previstos de execución das actuacións.

En base ao exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Levantar a nota de reparo emitida pola Intervención municipal.

SEGUNDO.- Prestar conformidade e aprobar o proxecto da obra “Mellora do saneamento en Cedeira. Fase I. Cedeira (A Coruña)”, de clave: OH.315.1038, cun orzamento de setecentos trinta e tres mil seiscentos cincuenta euros con setenta e un céntimos (733.650,71€).

TERCEIRO.- Declarar o compromiso do Concello de recibir as obras, e como titular asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

CUARTO.- Comprometerse á posta a disposición de Augas de Galicia, antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado.

QUINTO.- Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 252/2017, do 14 de xuño, polo que se aproba a Primeira Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cedeira para a execución da actuación de Mellora do Saneamento de Cedeira. Concello de Cedeira (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no Marco do Programa de Desenvolvemento Rural Galicia 2014-2020, cuxo texto se transcribe de seguido:

“Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 22.06.2016 aprobouse o Convenio de Colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cedeira para a execución da actuación de mellora do saneamento de Cedeira. Concello de Cedeira (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, acordo posteriormente ratificado polo Pleno do Concello en sesión realizada o 21.07.2016.

En data 18.07.2016 formalizouse o referido Convenio de Colaboración, que na súa cláusula duodécima, relativa a súa modificación, dispón que *os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula sexta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.*



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

No convenio formalizado o 18.07.2016 os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida eran os seguintes:

Ano	Importe (Euros)
2016	81.516,75
2017	652.133,96

En data 06.04.2017 notificase ao Concello de Cedeira o Acordo do 17.03.2017 do director de Augas de Galicia, polo que se reaxustan as anualidades do convenio, de conformidade co estipulado na cláusula anteriormente transcrita, ante a imposibilidade da adxudicación e posterior inicio da execución das actuacións nas datas inicialmente previstas, para adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras, quedando ditas anualidades como seguen:

Ano	Importe (Euros)
2016	0,00
2017	733.650,71

En data 31.05.2017 comunícase pola Dirección de Augas de Galicia que, dado que se produciron retrasos nos prazos previstos de execución das actuacións, é preciso proceder á tramitación dunha addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia ata o 31.12.2018 e proceder ó reaxuste das anualidades a fin de adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras, quedando como seguen:

Ano	Importe (Euros)
2017	81.516,75
2018	652.133,96

En base ó exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente en materia de réxime local

RESOLVO



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Segundo.- Aprobar a primeira addenda ao Convenio de Colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cedeira para a execución da actuación de mellora do saneamento de Cedeira. Concello de Cedeira (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020, cuxo texto se transcribe de seguido como anexo da presente resolución.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde para a sinatura da referida addenda.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.

ANEXO

PRIMEIRA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE MELLORA DO SANEAMENTO DE CEDEIRA. CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA), COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL GALICIA 2014-2020

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Pablo Diego Moreda Gil, alcalde do concello de Cedeira, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

O 18.07.2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Cedeira para a execución da actuación de mellora do saneamento de Cedeira (A Coruña), cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do Programa de desenvolvemento rural Galicia 2014-2020.

A cláusula duodécima do citado convenio, relativa a súa modificación, dispón que *Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula sexta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.*

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarse a través dunha addenda ao mesmo.

O 17.03.2017 o director de Augas de Galicia, de conformidade co estipulado na devandita cláusula, acordou reaxustar as anualidades do convenio, quedando como seguen:

Ano	Importe (Euros)
2016	0,00
2017	733.650,71

Non obstante, como queira que se produciron retrasos nos prazos previstos de execución das actuacións, é preciso proceder á tramitación dunha addenda ao convenio para ampliar o prazo de vixencia e, consecuentemente, o reaxuste das anualidades a fin de adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras.

Polo tanto, en vista de todo o manifestado anteriormente, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado, modificando as cláusulas sexta e undécima, nos seguintes termos

SEXTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 733.650,71 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia. A achega de Augas de Galicia de anualidades futuras está condicionada á existencia de crédito nos seus correspondentes orzamentos. Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia para financiar a cantidade máxima establecida son os seguintes:



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

Ano	Importe (Euros)
2017	81.516,75
2018	652.133,96

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas de acordo coas seguintes porcentaxes do gasto elixible:

Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), Europa inviste no rural nun 75%, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) Galicia 2014-2020 . As actuacións enmarcaranse dentro do Programa de Desenvolvemento Rural na Medida 07 “servizos básicos e renovación de poboacións en zonas rurais”, Submedida 7.2 “apoio ós investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídos os investimentos en enerxías renovables e aforro de enerxía”.

Por Augas de Galicia nun 17,50 %

Polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente nun 7,50%

As citadas actuacións executaranse de conformidade co estipulado no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello; e no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº1698/2005 do Consello e o resto da normativa comunitaria de aplicación.

Polo que, deberanse observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación aos FEADER. Respetaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Programa Operativo do fondo europeo citado, así como as normas de información e publicidade establecidas nas Guías de Publicidade e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local ao ocasionar atrasos na execución das obras ou pola incorrecta explotación do executado, o Concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)
Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2018. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mailo resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, as partes asinan documento por triplicado exemplar, en proba de conformidade coas súas cláusulas, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia

O alcalde de Cedeira

Beatriz Mato Otero

Pablo Diego Moreda Gil ”

SEXTO.- Remitir certificación do presente acordo a Augas de Galicia.

Non obstante, o Pleno acordará o que estime oportuno.”

Polo Sr. Presidente se somete a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando **APROBADA** a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

Sometida a votación ordinaria a proposta transcrita, resulta **APROBADA** por unanimidade dos membros presentes.

Pola Presidencia pregúntase se algún dos presentes desexa someter á consideración do Pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non comprendido na orde do día que acompaña á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas, non presentándose ningún outro asunto.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Rubido Ramonde di: Quería facer un rogo que é de interese turístico e de interese medioambiental. Rogamos ó goberno municipal que abra unha investigación en relación á garita de Eixil. Iso é un ben demanial. Teño aquí a qué órgano se ten que dirixir, que é a Xerencia de



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Infraestructuras de Defensa, que está en Atocha, e se investigue a titularidade. Como é moi posible que siga sendo patrimonio do Estado, que se pida a cesión ó Concello porque creo que é un lugar de moito interese como mirador. Os bens demaniais nunca prescriben, por moito que se poña o pé neles nunca se obteñen por posesión.

O Sr. Casal García di: Teño unha pregunta pendente, si queres contéstochas agora. A resposta a unha pregunta que me fixeches no pleno anterior.

O Sr. Alcalde di: Esperamos a que remate o turno de rogos e preguntas. Aceptamos o rogo.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Temos que facer a consulta. Eu a verdade é que non teño claro cómo pode ser o procedemento.

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai que dirixirse á Xerencia de Infraestructuras de Defensa. Eu penso que non foi transmitida. Para vendela tería que perder o dominio público, e o dominio público é inalienable. Entón, aínda que alguén crea que por ter o pé alí, e estarlle sacando dúas tablas xa ten a posesión... De ningunha maneira, todos coñecemos as pelexas que houbo polos chalés en Villarrube e a gran actuación que tivo Costas, que hoxe recuperou unha zona de moito interese medioambiental, e non houbo maneira, por moito que lle dixeran que levaban tantos anos alí. Era dominio público e era dominio público, e non se gaña. E neste caso igual, e creo que é de moito interese para o Concello porque é un mirador que en días abertos ata se ve a Torre de Hércules.

O Sr. Alcalde di: Faremos un oficio para pedir explicación.

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai unha monitora que viña tendo unha sucesión de contratos dende hai once anos e por primeira vez prescindíuse dela. Eu entendo que é fixa discontinua e en expectativa de creación de plaza como di o Supremo. ¿Por qué se prescindiu dela? Temos un contencioso. Hai informes xurídicos de que realmente hai un posible fallo desfavorable ó Concello.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non prescindimos dela en realidade. En realidade ela está seguindo as pautas do que lle di o seu abogado para precisamente ese tema, porque presentou a demanda que considerou que debía e que nós non temos nada que dicir contra diso.

O Sr. Alcalde di: Todo nace a través das subvencións do Plan Único. O plan único si que é verdade que para nós neste caso traía unha carencia, que era a carencia de que non podíamos contratar directamente persoal baixo as directrices que mandou o Interventor. Entón neste caso si que é verdade que esta traballadora traballaba con contratos...

A Sra. Rodríguez Pérez di: É moi boa traballadora.

O Sr. Alcalde di: É moi boa traballadora e entendemos que incluso presente unha reclamación ó Concello para que se lle garantice o seu posto de traballo. Por suposto que nese caso todos partimos de ahí. Esa é a aclaración. A subvención que viña, viña para contratar empresa, non para contratar directamente á persoa.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿E por qué esa empresa contratou a outra persoa?

O Sr. Alcalde di: Contratouse unha empresa e a empresa contratou a quen quixo. Pero creo que a empresa se puxo en contacto con ela, coa traballadora, e a traballadora e o seu abogado díxolle que mentres estivera co litixio aberto que non fora para a empresa.

O Sr. Rubido Ramonde di: Como en movementos de terras hai que pedir licencia ¿qué traballos se están facendo na Maravilla?

A Sra. Rodríguez Pérez di: ¿Detrás da gasolinera?

O Sr. Rubido Ramonde di: Están explanando as máquinas.

O Sr. Alcalde di: Eu creo que debemos contestar no seguinte pleno porque os traballos a ambas marxes, eu creo que a información que podemos ter é: nun lado estaban facendo unha limpeza do solar como é o seu deber de conservación da natureza. Nalgún caso hai escombros, noutros casos hai maleza, noutros casos hai unha vivenda en ruínas. E creo que detrás da gasolinera, nun lado, hai unha solicitude, que agora mesmo non recordo si ten a licencia, unha solicitude dunha vivenda con almacén. Supoño que tamén estarán facendo a limpeza de todo iso. No seguinte pleno podemos aclarar ese asunto.

O Sr. Rubido Ramonde di: Próximamente vaise pechar un centro social que tuvo os seus bos momentos cando tiña apoio. A concurrencia das persoas pasaba dos cen e diariamente setenta, oitenta. Eu solo rogaría unha reflexión. A información que teño eu é que no outro centro a concurrencia é de vintecinco.

A Sra. López Rodríguez di: ¿No auditorio? Non

O Sr. Rubido Ramonde di: Pois fálanme de vintecinco. Facer unha reflexión de por qué realmente non acaba de ter éxito. Haberá que buscar a fórmula de éxito dos posibles usuarios porque é unha planta de casi 500 metros, que ten os seus costes, a calefacción vale 600 euros ó mes e habería que facer unha reflexión, porque a fixemos nosoutros no seu día ¿por qué non ten éxito? Aquí non pido nin información nin resposta. Eu pediríalles que fagan unha reflexión, a ver por qué ao final alí van catro mesas, dezaseis, e unha de oito, catro de catro e unha de oito.

A Sra. López Rodríguez di: Van máis. Non é así.

O Sr. Rubido Ramonde di: Esa é a información que teño. Sería bo que diariamente collerades os datos. Para que vaian vintecinco persoas haberá que darlle outro plantexamento. Xa non digo do local, pero darlle outro plantexamento.

O Sr. Labraña Barrero di: ¿Ti vas moito por alí, Luis?

O Sr. Rubido Ramonde di: Non, non vou.

O Sr. Labraña Barrero di: Vaia. Eu como son visitante asiduo pola historia da música, non teño esa perspectiva, desde logo. A min paréceme correcto que diante dun local como ese, e que si



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

hai dúbidas da súa rendibilidade social e, polo tanto, económica, que se aclaren ou que se concrete o nivel de usuarios. A miña percepción non é esa. Aquí hai alguén que vai por alí de cando en cando que podía afirmar. Eu vexo bastante máis movemento alí do que hai aquí en baixo, pero bueno.

O Sr. Rubido Ramonde di: Me din reiteradamente que hai catro mesas de catro e unha de oito.

A Sra. López Rodríguez di: Non é así.

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai que potencialo dalgunha maneira, nós en última instancia dixemos que se diseñara un espacio interxeneracional, que está moi de moda. Pero bueno, que se teña un aproveitamento dunha planta que tivo o seu coste e de grandes dimensións.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Paréceme moi ben todo o que acaba de dicir, pero si falamos do tema en cuestión, vostedes xa fixeron público na prensa o tema de que se opoñen a que se peche o local da Praza Roxa. Aplícolle o que se lle está dicindo e o que xa se lle contestou tamén na prensa, os costes...

O Sr. Rubido Ramonde di: Ese discurso xa non vale.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Gustaríame recordar solo unha cousa. Cando vostede quixo pechar para a xente maior, porque non planeaba un local interxeneracional, o que quería facer alí, acórdese, era un centro de día. Nunca tivo viabilidade ningunha, pero vostede dicía que sí. E cando vostede o quixo facer, a xente maior que estaba alí, en corenta e oito horas recolleu máis de setecentas firmas. Xente maior, de oitenta e pico de anos. Eu non sei dicir exactamente a cantidade de xente que vai agora mesmo á cafetería do auditorio. Nunca as contei. Pero, a simple vista, pasas agora mesmo por diante do local da Praza Roxa e ves unha, dúas, tres mesas, con moi pouca xente. Hai unha que ten máis, pero hai dúas que poden estar tres persoas en cada mesa, e no auditorio entras e, home, eu nunca as contei, pero xa a bulto hai bastante xente. E ademais é un local que foi feito para iso, e é para iso. E efectivamente, que o podemos facer máis atractivo para que vaia a xente que aínda segue indo aquí, pois sí, ahí doulle a razón. Tamén o puido facer vostede no seu día, en vez de intentar quitalos de alí, pero bueno.

O Sr. Rubido Ramonde di: Para o centro de día había un informe de viabilidade económica que non era favorable e outro de viabilidade construtiva que era favorable. A viabilidade económica, a nosa idea eran organizacións como por exemplo estaba interesada AFAL e obviamente non podíamos meter en plantilla do Concello ó persoal de alí. Igual houbo erros de planteamento, pero si se planteara doutra maneira estaría feito.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non é certo. O local non servía. Pero bueno, da igual, é unha tontería discutir por isto.

O Sr. Casal García di: Vou responder unha pregunta plantexada no anterior pleno, dicir que a mín fáiseme moi difícil tratarvos de vostede, vádesme permitir... porque o tratar de tu non significa faltar ó respecto.

O Sr. Rubido Ramonde di: Por suposto. Creo que se me escapa a min moitas veces o tuteo.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Casal García di: Preguntábasnos si se vai tomar algunha medida para facer máis eficiente o centro social, ou algo así me preguntabas. Actualmente, eu que son pouco dado a intervir nos plenos e ademais fágoo moi breve, vádesme permitir que hoxe me explaye un pouco. Seguramente todos os que estamos aquí sabemos que no auditorio hai unha bomba de calor. A bomba de calor é un mecanismo moi eficiente, que non produce CO₂, que funciona como un frigorífico máis ou menos. E o resto do edificio funciona cunhas estufas eléctricas e ahí que controlar un pouquiño a potencia e, polo tanto, a temperatura do local. Unha nova bomba de calor máis grande, máis potente, sería a solución, desde o meu punto de vista, para todo o edificio. Ocorre que son bastante caras e aínda que é moi eficiente habería que esperar a conseguir unha subvención. De momento na cafetería pensamos que o ideal é que funcionen un par de estufas de pellets que xa hai, e outra que vamos a levar do centro de maiores da Praza Roxa.

O Sr. Rubido Ramonde di: Hai tres.

O Sr. Alcalde di: Xa se levou unha.

O Sr. Casal García di: No resto, e mentres non sexa posible unha bomba de calor, pretendemos controlar un pouco, xa dicía, a potencia e polo tanto a temperatura, de momento andaremos con esos remendos. Tamén trataremos de controlar un pouco o tema do alumeado, polo menos tratar de concienciar de que a veces hai un montón de luces encendidas que non son necesarias, e tamén tratar de evitar as manipulacións, é dicir, que a xente cando ten un pouco de frío... un ten frío e eleva a temperatura. Terá que haber algún mecanismo para evitar iso. Eu creo que debaixo da pregunta subxace a idea de que debemos aforrar economicamente, pero eu quero pensar que tamén subxace a idea da descarbonización da economía, é dicir, de reducir o impacto ambiental. A este respecto teño que dicir que vostedes, vosoutros, no mandato anterior fixéstedes varias acutacións neste sentido, o cal a min me parece estupendo. Nosoutros estamos seguindo nesa línea. Non me vou a poñer aquí a detallar o que estamos facendo. Si queredes, tamén ofrézovos a información que temos, e quero ir a parar a que todo isto vai en función do dichoso cambio climático, do cal todo o mundo fala pero moita xente non se quere comprometer. O cambio climático todo o mundo sabe que chegou aquí para quedarse, e para quedarse durante varias xeracións porque o CO₂ non se elimina así como así. Débese nomeadamente á acumulación de CO₂ tanto no aire como no océano. Non exclusivamente ó CO₂. E o CO₂ débese á queima de combustibles fósiles. Tamén sabedes que para miniíizalo hai que recurrir primeiro a incrementar o aforro enerxético e a eficiencia e á utilización masiva de enerxías renovables. ¿A dónde quero ir a parar? Pois quero ir a parar ó mandato da Unión Europea relativo ao 2020, que todos coñeceredes, que está á volta da esquina, e hai outro de 2030. O de 2020 indica que se debe reducir a carga de CO₂ nun 20% en relación ó ano base, que é 1990. Pero no ano 30 é moito máis ambicioso, xa que trátase de que se reduza un 40%. Iso, non quero ser pesado, pero si por exemplo, si o ano base que é 1990 é 100, a media da Unión Europea caeu a 78. É dicir, é que na media da Unión Europea esa redución está sendo xa do 22%. En Alemaña reduciuse ó 73, en Francia ó 85 e en España imos por libre. Iso tradúcese en que hai unha esixencia, polo menos unha esixencia moral por parte dos concellos de colaborar. E ahí era onde quería chegar. Dado que, creo que vosoutros sodes sensibles no aspecto medioambiental, e nosoutros tamén, eu invito a que no futuro haxa unha colaboración. Tratemos de, despois de saber ben de qué se trata, formemos parte do club dos que se chaman pacto dos alcaldes polo clima e a enerxía, no



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

cal están implicados, non sei o sabedes, pero por citar grosso modo actualmente este pacto dos alcaldes polo clima e a enerxía abarca casi 8.000 concellos de todo o mundo, nomeadamente de Europa, que afectan a 200 millóns de habitantes. Casi 8.000 concellos, 1.738 en España e fundamentalmente en Cataluña e en Andalucía, onde teñen a protección das institucións. Pero aquí en Galicia, tamén hai. O concello pioneiro foi o Concello de Vigo que non sei por qué razón o deixou. Pero, por exemplo, o da Coruña leva formando parte do pacto este creo que sobre oito ou dez anos. E hai dezanove concellos da provincia de Ourense coordinados pola Deputación. En fin, si nos centramos en Galicia, esos son os dous casos que hai. O interesante diso é poder contar coa colaboración, non solo dos partidos políticos que estén na oposición, senón de todos os partidos políticos que poida haber. E é máis, eu creo que non nos debemos centrar ahí sólo. Haberá que acudir ás institucións privadas que queiran formar parte, que queiran aportar ideas. Estoume referindo, por exemplo, aos pequenos e medianos empresarios ou hosteleiros ou xente que a título particular se queira involucrar nisto. Eso significa que hai que facer un plan de acción. Ese plan de acción, que ten que aprobar o Concello, xa veríamos cales son os trámites, que son simples, a ese plan de acción cada dous anos hai que lle facer unha especie de exámen máis ou menos ambicioso. Ese plan de acción pode estar compartido con outros centros. En fin, é unha invitación para que o pensedes con calma. Isto dá traballo, pero si miramos na perspectiva de quince, vinte anos, pois claro, aquí vai cambiar a corporación varias veces seguramente e significa que si un partido non quere ou dous ou tres que cando pasen á oposición non seguirán é inútil empezar. Se non hai acordos básicos eu creo que iso non vai a ningures. Xa sei ó millor son moi optimista. Isto eu creo que vai dar moito traballo. Necesítase apoio das institucións, da Deputación, da Xunta de Galicia, en fin, de Europa sobre todo para os plans que son conxuntos con outros centros. E tamén teño información sobre iso. Paséivola. Demos unha charla o 16 de febreiro sobre iso. Invitámosvos. Non viñestes, polo que fora. Mandeivos un vídeo o día 13. Un dos contertulios que veu é un ponente da charla que tiveron no Pazo da Deputación. En fin, eu proporcionovos toda a información que queirades, si é que a queredes, e si queredes colaborar e superar a veces mirando un pouco máis arriba dos rifirrafes diarios, destas pequenas miserias a veces que temos aquí, e elevarnos a pensar que o planeta non pode ser unha cloaca para os nosos netos. A mín doeríame moito ter pasado por aquí e non ter intentado nada. Dende o meu punto de vista o peor, a medio prazo, é non facer nada.

O Sr. Rubido Ramonde di Agradecemos o ofrecemento e estamos nesa liña. Pero volvendo á realidade cedeiresa ¿a vostede non lle parece interesante que sexa declarada toda Cedeira zona trinta? A pesar do impopular que era para algunha xente. Que tratamos de facelo e suspendeuse. Porque o tema da zona trinta non sólo é un tema de seguridade senón que é tamén un tema medioambiental e é un movemento tamén mundial. Pontevedra é hoxe toda zona trinta. Foi unha das primeiras de Europa. Que veu Estradas e nos fixo poñer alí a 50 por hora, por diante do Gadis é unha temeridade. Pero é moi distinto o balance de emisións contaminantes cando os vehículos van a trinta por hora. Poderíache dicir Estradas vostedes asumen o mantemento. Habería que estudialo. Nós en principio estudiamos que todo o casco urbano fora zona trinta. Sabíamos que había xente en contra, pero é importante.

O Sr. Alcalde di: Aclarar que estou de acordo co tema das emisións, pero o tema da estrada non foi a capricho noso. A estrada é de titularidade autonómica. A Xunta o que nos ofrece a nós é que nos quedemos coa estrada. Nós o que valoramos é o custo que ten ó final a estrada, o seu mantemento, porque o día que haxa que asfaltar van facer falta 400 ou medio millón de euros.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Unha das posibilidades que lle ofrecimos á conselleira na última reunión que tivemos a concelleira de urbanismo e máis eu con ela e máis co delegado territorial da Xunta é que si fan o proxecto das curvas de Landeira, levan esa obra a cabo, tan necesaria para o Concello de Cedeira, nós asumimos o tema da estrada. Pero o tema da limitación é polas normas de velocidade nunha carretera de titularidade autonómica. Non é por outra cousa. E a proposta que chegou ó Concello era a de aceptar a estrada. É a proposta que temos por escrito.

O Sr. Rubido Ramonde di: No tema urbanístico, chegou a noticia a nosoutros que se fixo... os concellos ou fan unha revisión xeral ou hai que poñer a lupa sobre cando se está facendo unha actuación particular. ¿A qué ven o revisionismo nas vivendas sociais, que se están revisando as licencias no seu día outorgadas nos aparcamentos que hai dentro? Abriuse un expediente para revisar o que estaba consolidado a través do tempo. E eu creo que o Concello debe escapar de liortas particulares.

A Sra. Rodríguez Pérez di: Non podo estar máis de acordo. E creo que este tema o poderíamos falar nun pleno con documentación e tranquilamente, porque é un tema largo. Pero a primeira vez que eu escoitei algo deste tema foi cando, creo que estaba vostede de Alcalde, foi no mandato anterior, e creo que tanto nós coma vostedes dixemos que non nos parecía un tema de pleno, que non era tema do Concello. Creo recordar que falamos diso. Creo que sería importante falalo e analizar, e que vexan vostedes tamén todo o que aquí se leva desenvolvido. Porque son moitas cousas e agora se me olvidan.

O Sr. Alcalde di: Ó final falamos de informes técnicos e informes desfavorables que son os que determinaron esas decisións.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Quén insta a que se inicie ese expediente?

O Sr. Alcalde di: Hai unha denuncia.

O Sr. Rubido Ramonde di: ¿Hai unha denuncia?

A Sra. Rodríguez Pérez di: Sí, sí, hai unha denuncia. É un expediente longo, farragoso.

O Sr. Alcalde di: Si algún día se interesa traio o expediente ou se lle dá traslado do informe técnico.

O Sr. Rubido Ramonde di: Reitero o rogo da garita de Eixil.

O Sr. Labraña Barrero di: Eu quero facer unha pequena intervención. Fai referencia á suxerencia que faciades no último pleno, que recolle a acta perfectamente. Eu xa non me acordaba de que dera lugar a tantos comentarios. Sobre o custo do festival de música galego-portuguesa e a súa conveniencia ou non de ubicalo no exterior. Sobre todo porque se manexou unha cifra que eu naquel momento xa dixen que non se axustaba á realidade porque non coincidía con ningunha das que se manexaban anteriormente. Entonces, eu quero facer balance, e que se recolla temén en acta, xa feitos consumados, é dicir, realizado, con costes que pode refrendar a Intervención. Antes de dar lectura a isto quería insistir no carácter do propio festival. Eu entendo que pensar nunha ubicación exterior é difícil que este tipo de festival, polo tipo de música que ofrece, poida



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

competir con outros festivais multitudinarios, como pode ser o de Viveiro, Resurrection, ou como pode ser o Festival Celta. Evidentemente, non é que non estemos en condicións, senón que este tipo de música ten unha dimensión quizás máis intimista e sempre é máis reducida a súa participación. En calquera caso, eu quero destacar que, sendo o festival como foi na súa primeira edición, foi notable a participación dos artistas de Cedeira, é dicir, dos nosos veciños, eu incluído, non solamente no que foi o acto en sí mesmo, senón en todo o exercicio previo de ensaios, decisións, de repertorio, en fin, todas estas historias. Calculo que máis de sesenta cedeireses participamos o primeiro día. Que o segundo día, o día do concerto de Joao Afonso estivo do máis selecto que hai neste tipo de música en Portugal, o que lle dá unha dimensión artística relevante. Creo que merece a pena facelo constar. No último día é verdade que houbo unha redución, non sei si ao cabo dos tres días a xente despois dun certo agotamento non acudiu, foi un concerto brillante, cun formato diferente. E ademais, todo o festival en sí mesmo foi complementado cunha exposición que logo permaneceu quince días. Que se fixo unha conferencia, unha charla, mesa redonda sobre a vida e a obra de Xosé Afonso, xustificando en que Xosé Afonso había 30 anos que morrera e era o momento de iniciar con el este ciclo de festivais. Que digo sempre e insisto, pénsase dar un repaso por músicas diferentes co ánimo de coñecer, sobre todo, a capacidade de musical e cultural dese país, que é Portugal veciño e benquerido. E en canto á cifra, como se falou de 12.000 euros, os datos reais son que o festival costou 7.602 euros. Ese foi o coste do festival. O que se gastou. Pero que o segundo día por cuestións de aforo e ante a previsible demanda, bueno, previsible non, real demanda de localidades que tivemos, decidimos que a entrada non fose gratuita, como sí foi os outros dous días. Puxéronse á venda 150 entradas. Vendéronse todas a un precio de 8 euros e saíu a 1.200, co cal o custo para o Concello pois si ós 7.600 lle quitamos os 1.200 e estamos en 6.400, practicamente a metade do que comentache. Supoño que non sería con mala intención. Bueno, simplemente quero que se reflita así, porque a acta anterior recollía o contrario. Ademais estamos xa coa notificación da concesión provisional da subvención da Deputación e estamos pendentes da da Xunta, que non sei cando se vai resolver pero que rematou o prazo de presentación me parece que foi o día nove do mes pasado. Supoñemos que o custo é bastante razoable para o festival de calidade e de participación que se fixo.

O Sr. Rubido Ramonde di: Nós non falábamnos dos cartos. Temos tempo a falar diso.

O Sr. Labraña Barrero di: A mín xa me gustaría poder ofrecer que este festival puidese ter unha demanda multitudinaria como teñen eses outros que citei ou outros parecidos, pero é un tipo de música que é así.

O Sr. Rubido Ramonde di: Un erro. É unha postura casi doctrinaria e dicíao un concelleiro de cultura, Paco Vázquez, que era do PSOE.

O Sr. Labraña Barrero di: E a mín qué me dís.

O Sr. Rubido Ramonde di: Dicía que a ópera en Coruña lle costaba 80 millóns e que a disfrutaban 1.000 persoas. E que, en cambio, os fogos artificiais que lle costaban 20 e que os disfrutaban 100.000 persoas. O que quixen dicir é que a partir de determinada cantidade non se debe ter o espectáculo no auditorio porque só van ter acceso 200.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O Sr. Labraña Barrero di: Pero hai outras circunstancias. De feito pensamos nesa posibilidade e non se descarta para o futuro facelo no exterior. Si facemos un recorrido pola música coral, polos fados, pola lusofonía, é dicir, xente de distintos países que cantan en portugués... Igual a perspectiva vai ser outra no futuro. En calquera caso, eu teño a esperanza de que cando remate esta lexislatura, sempre haxa posibilidade de que non se perda ese festival.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vinte e unha horas e corenta e tres minutos do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ